



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O pasado 16 de xuño celebrouse no Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL) a que é xa a **VI Lonxa de Investidores no sector da Biotecnoloxía**, unha actividade promovida e financiada pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN) e organizada por BIOGA, o Cluster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida.

Os bos resultados das edicións anteriores e a dinamización do sector biotecnolóxico en Galicia fixeron posible esta VI Edición, onde se presentaron **8 proxectos bio**, seleccionados polo seu potencial de crecemento, ante un grupo 12 investidores públicos e privados.

En concreto, os 8 proxectos galegos presentados na lonxa foron: **Qubiotech, LINCbiotech, BETA, Oncostellae, RESETEA, Secretos de Galicia, Midiadiatech e Alasature**. E as **entidades investidoras** que se achegaron ata o CETAL foron: Enisa, DCTI, a propia GAIN, Xesgalicia, Unirisco, Abanca, Caixa Capital Risc, One to One, Bamboo Venture Capital, e Capital Cell. Ademais, outras entidades trasladaron á Xunta de Galicia o seu interese por analizar os proxectos presentados na lonxa de cara a posibles investimentos, como Vigo Activo, Inveready, CrossRoad Biotech, Demeter, B-Able e Inkemia.

Previamente á celebración deste encontro, desenvolveuse o **Bio Investor Program**, un programa de capacitación orientado a analizar, completar e mellorar o plan de negocio dos proxectos participantes na lonxa, a través de formación específica e mentorizaxe. Este adestramento previo permite así consolidar os proxectos seleccionados e mellorar o seu acceso ao financiamento.

Por último, cómpre destacar que todas estas actividades deben

encadrarse dentro da recentemente presentada **Estratexia de Impulso á Biotecnoloxía en Galicia 2016-2020**, da que podes obter toda a información no seguinte [enlace](#).

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.